



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 3 DE XUÑO DE 2022

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de xuño de 2022, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 1 DE ABRIL DE 2022.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.



2. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2021.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“En cumprimento do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Conta Xeral do exercicio 2021 foi sometida a informe da Comisión Especial de Contas o día 5 de maio de 2022, sendo informada favorablemente.

Posteriormente expúxose o expediente ó público en virtude anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 86, de data 6 de maio de 2022, por un prazo de 15 días, sen que se presentara ningunha reclamación, reparo ou observación ó respecto.

Unha vez cumpridos os trámites preceptivos, e de conformidade co artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do concello de Mesía correspondente o exercicio económico do 2021.

Segundo.- Render a Conta Xeral da Corporación ó Tribunal de Contas e ó Consello de Contas.

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes aos Sres. concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos Sres. concelleiros do PP e do BNG.

3. RATIFICACIÓN ACORDO “OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO V.” ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“Visto que en sesións de data 6 de abril e 19 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou a aprobación dunha solicitude de subvención para a realización do “OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO V” ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, publicada no DOG núm. 46, de data 08.03.2022.

Visto o disposto nos artigos. 1, 3 e 18 de dita Orde.

Visto o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos artigos 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e no artigo 4 do Real decreto lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.

Visto o disposto nos artigos 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases



de Réxime Local, propónse ao Pleno a ratificación do seguinte ACORDO:

“1.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Ordes e o Concello de Mesía para colaborar no desenvolvemento do proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo V”.

2.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

3.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Mesía para a súa sinatura.

4.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos silvícolas: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó -Río Samo V”, redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución de 66.519,93 euros (IVE incluído).

5.- Aprobar o proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo V” cun orzamento total de 570.506,93 € coas especialidades de:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)
- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208).

6.- Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da citada Orde, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo V”, por importe de 503.987,00 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

7.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre a efectos da súa ratificación.”

Mesía, na data da sinatura electrónica Asdo Mariano Iglesias Castro. Alcalde”

O Sr. Alcalde manifesta que si conceden a subvención o concello de Mesía ten que aportar trece mil euros e ten dereito a que accedan ao obradoiro cinco veciños doce meses.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. RATIFICACIÓN ACORDO “OBRADOIRO DE EMPREGO REACTIVA I OZA-CESURAS, COIROS E MESÍA.” ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“Vista o Decreto de Alcaldía núm. 104/2022, de data 7 de abril de 2022, polo que se acorda a aprobación dunha solicitude de subvención para a realización do "OBRADOIRO DE EMPREGO REACTIVA I - OZA-CESURAS, COIROS E MESIA" ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, publicada no DOG núm. 46, de data 08.03.2022.

Visto o acordo entre os concellos de Oza-Cesuras, Coirós e Mesía, da provincia a Coruña,



para participar conxuntamente nun proxecto dun obradoiro dual de emprego e solicitar a correspondente subvención ao abeiro da dita orde.

De conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, propónse ao Pleno a ratificación do seguinte ACORDO:

“1. Aprobar o proxecto de obradoiro dual de emprego “Obradoiro de Emprego Reactiva I Oza-Cesuras, Coirós e Mesía”, coas especialidades de:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	Nº ALUMNOS	DURACIÓN
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	SSCS0208	10	12 meses
Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes	AGAR0309	10	12 meses

2. Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade unha subvención para o financiamento total do referido obradoiro de emprego.

3. Encomendar a xestión do proxecto de obradoiro dual de emprego “Obradoiro de Emprego Reactiva I Oza-Cesuras, Coirós e Mesía” ao Concello de Oza-Cesuras, que actuará como promotor e titular da subvención para a realización do dito proxecto, sendo os Concellos de Coirós e Mesía colaboradores, segundo o convenio asinado entre os representantes dos Concellos de Oza-Cesuras, Coirós e Mesía.

4. Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre a efectos da súa ratificación.”

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

O Sr. Alcalde manifesta que si conceden a subvención o concello de Mesía ten que aportar catro mil euros e lle corresponden cinco alumnos doce meses.

Pregunta o Sr. López polo papel que desempeña Mesía, respostando o Sr. Alcalde que o concello de Mesía é colaborador, fai a súa aportación económica e ten dereito aos alumnos que corresponden.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. RATIFICACIÓN DECRETO DE ALCALDÍA DE COMPARECENCIA E PERSOACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA NO PROCEDIMENTO RELATIVO AO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 4106/2022 CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“Visto o Decreto de Alcaldía núm. 166, de data 25 de maio de 2022, polo que se acorda a comparecencia e persoación do concello de Mesía no procedemento relativo ao recurso contencioso-administrativo número 4106/2022, interposto contra a Orde da



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000004

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 18 de marzo de 2022 de aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Mesía, unha vez emprazado este concello a persoarse e comparecer en nove días dende o oficio remitido a tal fin pola Xunta de Galicia.

Visto o artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece: "El Alcalde es el Presidente de la Corporación y ostenta las siguientes atribuciones: K) El ejercicio de las acciones judiciales y administrativas y la defensa del ayuntamiento en las materias de su competencia, incluso cuando las hubiere delegado en otro órgano, y, en caso de urgencia, en materias de la competencia del Pleno, en este supuesto dando cuenta al mismo en la primera sesión que celebre para su ratificación"

Considerando o antedito, e de conformidade co punto terceiro do propio decreto, pola presente propónse ao Pleno a ratificación do Decreto de Alcaldía núm. 166, de data 25 de maio de 2022, que de seguido se transcribe:

"DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confire o artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Visto que en data 23 de maio de 2022 recíbese neste concello notificación da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, dando conta da recepción dun oficio da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en relación co recurso contencioso-administrativo número 4106/2022 interposto contra a Resolución do 18.03.2022 de aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal número 1 do Concello de Mesía (A Coruña).

Visto así mesmo que nesa notificación se empraza a este concello como interesado para que, se é o caso, poida comparecer e persoarse nos autos ante o órgano xudicial no prazo de nove días.

Resultando de interese municipal a defensa do referido instrumento.

RESOLVO:

Primeiro.- A comparecencia e persoación do concello de Mesía no procedemento relativo ao recurso contencioso-administrativo número 4106/2022, interposto contra a Resolución do 18.03.2022 de aprobación definitiva da Modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal número 1 do Concello de Mesía (A Coruña), ante a Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo.- Encomendar a defensa do concello de Mesía no antedito procedemento a D^a María Jesús Matovelle Gómez (número de colexiado 726 do ilustre colexio de avogados de Santiago de Compostela).

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre a efectos da súa ratificación.

Mesía, na data da sinatura electrónica O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

O Sr. Alcalde manifesta que como era de esperar o demandante de sempre impugnou a modificación do PXOM ante a Consellería, que foi quen a aprobou definitivamente, pero o concello, como promotor do instrumento, debe persoarse para defender o instrumento coa empresa e a Xunta.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co



seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. DAR CONTA DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR D. JAVIER LÓPEZ VÁZQUEZ, DECLARACIÓN DA VACANTE DO CARGO E INDICACIÓN DA PERSOA Á QUEN CORRESPONDE CUBRIR A MESMA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“Visto o escrito presentado no Rexistro da Corporación en data 30/05/2022 por D. Javier López Vázquez presentando a súa renuncia como Concelleiro electo do Concello de Mesía pola candidatura do Partido Popular (PP), e indicando que o sustituto sería o candidato D. Jesús Mosquera Manteiga.

Considerando que corresponde ao Pleno da Corporación realizar as actuacións ás que se refire a Instrucción de 10 de xullo de 2003, da Junta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais.

De conformidade co artigo Primeiro da citada Instrucción, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMERO: Tomar coñecemento da renuncia formulada por D. Javier López Vázquez no seu cargo de Concelleiro do Concello de Mesía.

SEGUNDO: Declarar a vacante de Concelleiro desta Corporación producida pola indicada renuncia.

TERCERO: Declarar que a xuicio da Corporación corresponde cubrir a vacante sinalada a D. Jesús Mosquera Manteiga, por ser o seguinte candidato na lista da candidatura do Partido Popular (PP) ás eleccións locais celebradas o 26 de maio de 2019.

CUARTO: Solicitar á Junta Electoral Central a expedición da correspondente credencial de Concelleiro a favor de D. Jesús Mosquera Manteiga, por ser o seguinte candidato na lista electoral do partido político Partido Popular (PP), e non ter renunciado a ser proclamado electo.

Mesía, na data da sinatura electrónica O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que en nome do grupo de goberno agradece ao Sr. López a súa corrección no trato, desexándolle o mellor no persoal e no laboral.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

7. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.



8. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 89 AO 173 DO ANO 2022).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO 89 AO 163 DO ANO 2022			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
89	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	28/03/2022 2
90	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	28/03/2022 2
91	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión plenaria ordinaria núm. 3/2022 do 01/04/2022	29/03/2022 2
92	Persoal	Nomeamento e contratación 3 peóns e lista de agarda. PEL CONCELLOS 2022	29/03/2022 2
93	Persoal	Contratación de técnico deportivo.	29/03/2022 2
94	Subvencións	Acordo solicitude Subvención Plan Concertado 2022	30/03/2022 2
95	Economía e facenda	Execución do gasto 31/03/2022. Nóminas mes marzo 2022.	31/03/2022 2
96	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	31/03/2022 2
97	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	01/04/2022 2
98	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	01/04/2022 2
99	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	04/04/2022 2
100	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión ordinaria XGL núm. 7 do 06/04/2022	04/04/2022 2
101	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes xaneiro 2022	05/04/2022 2
102	Economía e facenda	Execución do gasto 05/04/2022	05/04/2022 2
103	Economía e facenda	Liquidación Punto de Atención a Infancia mes marzo 2022	05/04/2022 2
104	Subvencións	Acordos "Obradoiro de Emprego Reactiva I Oza-Cesuras, Coirós e Mesía"	07/04/2022 2



RELACION DECRETOS DO 89 AO 163 DO ANO 2022			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
105	Economía e facenda	Execución do gasto 08/04/2022	08/04/2022
106	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Extraordinaria do 12/04/2022	08/04/2022
107	Servizos Sociais	Baixa usuario no SAF	11/04/2022
108	Economía e facenda	Convocatoria Comisión Especial de Contas. Conta xeral do exercicio 2021	11/04/2022
109	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	11/04/2022
110	Economía e facenda	Execución do gasto 11/04/2022	11/04/2022
111	Economía e facenda	Xeneración de Crédito 02-2022. Subvención Deputación Rede Cultural 2022.	13/04/2022
112	Subvención	Acordo solicitude subvención Fomento da conciliación 2022	13/04/2022
113	Contratación	Aprobación expte. C03/2022 Novo depósito de abastecemento de Mesía	18/04/2022
114	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	18/04/2022
115	Contratación	Corrección de erro Decreto 113/2022 de Aprobación expte. C03/2022	18/04/2022
116	Contratación	Aprobación Expte. C02/2022, POS + Adicional 2/2021 Camiño de Cruce Liñarcobo á Igrexa (Bascoi)	18/04/2022
117	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	18/04/2022
118	Subvencións	Acordo solicitude subvención Programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero. Ano 2022	18/04/2022
119	Obras e urbanismo	Aprobación certificación primeira e factura Obra Aglomerado das Casas do Marco á Igrexa (Cabruí). POS + Adicional 2/2021	19/04/2022
120	Obras e urbanismo	Aprobación certificación terceira e factura Obra Reparacións Polideportivo Olas	19/04/2022
121	Economía e Facenda	Xeración de crédito 03/2022. Subvención IDAE . Asistencia técnica execución obra AFORRO ENERXETICO NOS ALUMEDADOS PUBLICOS DO CONCELLO DE MESIA.	19/04/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000004

RELACION DECRETOS DO 89 AO 163 DO ANO 2022			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
122	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria 9/2022 do 21/04/2022	19/04/2022
123	Economía e Facenda	Execución do gasto 20/04/2022	20/04/2022
124	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	20/04/2022
125	Economía e Facenda	Xeración de crédito 04/2022. Subvención Deputación para financiamento dos servizos comunitarios municipais (Diferencias entre presupuestado e concedido)	20/04/2022
126	Economía e Facenda	Execución do gasto 21/04/2022	21/04/2022
127	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/04/2022
128	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/04/2022
129	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/04/2022
130	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/04/2022
131	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Extraordinaria 10/2022 do 26/04/2022	22/04/2022
132	Economía e Facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes febreiro 2022	25/04/2022
133	Servizos sociais	Baixa usuario SAF	25/04/2022
134	Economía e facenda	Concesión subvención nominativa Excursión 4º ESO CPI Xanceda	26/04/2022
135	Servizos Sociais	Alta usuario no Servizo de Axuda no Fogar	27/04/2022
136	Obras e urbanismo	Aprobación certificación 3 e final da obra ACONDICIONAMENTO NUCLEO DE BUSTO.	27/04/2022
137	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	27/04/2022
138	Economía e Facenda	Execución do gasto 28/04/2022. Nóminas mes abril 2022.	28/04/2022
139	Servizos sociais	Apertura prazos solicitudes prazos PAI "Os Camiños"	29/04/2022
140	Economía e Facenda	Execución do gasto 29/04/2022	29/04/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000004

RELACION DECRETOS DO 89 AO 163 DO ANO 2022			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
			2
141	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	03/05/2022 2
142	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria núm. 11 do 05/05/2022	03/05/2022 2
143	Servizos Sociais	Alta usuario no Servizo de Axuda no Fogar	03/05/2022 2
144	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	03/05/2022 2
145	Economía e facenda	Xeración de crédito 05/2022. Subvención Xunta de Galicia.Fomento do emprego no medio rural. Aprol Rural. Contratación dun peón.	06/05/2022 2
146	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	06/05/2022 2
147	Economía e facenda	Xeración de crédito 06/2022. Subvención Deputación. Programa Socorrismo 2022.	06/05/2022 2
148	Persoal	Aprobación bases e convocatoria para selección dun funcionario/a interino, categoría administrativo/a e formación bolsa de emprego	06/05/2022 2
149	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/05/2022 2
150	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda no fogar	09/05/2022 2
151	Persoal	Bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación de dous socorristas para a tempada estival 2022	10/05/2022 2
152	Economía e facenda	Liquidación Punto de Atención a Infancia mes abril 2022	10/05/2022 2
153	Economía e facenda	Execución do gasto 10/05/2022	10/05/2022 2
154	Servizos Sociais	Modificación intensidade servizo de axuda no fogar	10/05/2022 2
155	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	10/05/2022 2
156	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes marzo 2022	11/05/2022 2
157	Economía e facenda	Execución do gasto 13/05/2022	13/05/2022 2



RELACION DECRETOS DO 89 AO 163 DO ANO 2022			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
158	Emprego	Aprobación bases e convocatoria proceso selectivo peón APROL RURAL 2022	13/05/2022 2
159	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria 12/2022	16/05/2022 2
160	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	18/05/2022 2
161	Economía e facenda	Execución do gasto 18/05/2022	18/05/2022 2
162	Economía e facenda	Execución do gasto 18/05/2022	18/05/2022 2
163	Emprego	Aprobación de Oferta de Emprego Público 2022 para a estabilización de emprego temporal do Concello de Mesía	20/05/2022 2

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE MARZO, 6, 12, 21 E 26 DE ABRIL E 05 DE MAIO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Pregunta a Sra. Louro cantas auxiliares hai no concello e nas empresas, respostando o Sr. Alcalde que no concello non sabe con exactitude si doce ou trece, e polas empresas depende da carga de traballo, xa que están para substitucións do persoal municipal en caso de vacacións ou baixas laborais

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou un rogo xa convocado o Pleno, do que todos os concelleiros teñen copia. Toma a palabra a Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA O MANTENEMENTO DOS LAVADOIROS DE MESÍA



Os lavadoiros, hoxe de escaso uso, son historia viva do pasado recente. Son etnografía, cultura popular, memoria dun traballo, duro, que realizaban as mulleres: cargadas coas tinas, lavaban en auga fría a roupa de toda a familia, poñían a roupa a clarear, volvían para recollela e aclarala, recollíana para regresar e tendela. Certo é que os lavadoiros tamén proporcionaban un tempo para verse, contar contos, cantaruxar...pero sen deixar de lado o importante: contribuír á hixiene familiar.

Eran, por outra parte, obras deseñadas e realizadas con gran coidado, obras colectivas da veciñanza, coas que, ademais de garantir o uso principal, coidaban dos usos secundarios, como o de dar saída ás augas para outros usos, incluído a rega.

En Mesía aínda quedan lavadoiros, algúns reconstruídos, que neste momento están faltos dun mínimo mantemento, como o de Olas, no que as herbas proliferan no tellado, e está rodeado de maleza, contribuíndo a acelerar a súa deterioración. Outros, como o de Xanceda, nos Corrillos, está case desaparecido, languidecendo entre a vexetación, abandonado dende fai anos. Está este lavadoiro nun emprazamento de gran valor ambiental, rodeado de abeleiras, salgueiros, bieiteiros, e unha fonte con varios regos de auga, este muíño, cunha axeitada intervención, podería converterse nunha área de espaxamento ao abeiro do lavadoiro, tal como demanda a veciñanza. Ten tamén un camiño público para chegar a el, duns dous metros de ancho case desaparecido.

A vista de todo o cal, o BNG formula o seguinte rogo:

-O goberno municipal prestará atención aos lavadoiros do concello como memoria viva do pasado recente, ocuparse de facer o mantemento dos lavadoiros restaurados ou reconstruídos e procederá á rehabilitación do lavadoiro de Xanceda, coa perspectiva de conformar ao seu arredor unha área de espaxamento que contribúa a poñer en valor o lavadoiro e o medio natural que o arrodea e para desfrute dos veciños.

*Mesía, 3 xuño 2022
Beatriz Louro López
Grupo municipal BNG"*

Sinala o Sr. Alcalde que límpanse periódicamente 14 lavadoiros en 7 parroquias, polo que, aínda que todo é susceptible de mellora, o rogo non parece axustarse á realidade. O da Carballa fai un mes que se limpou, pero hai carballos que son particulares. En canto ao dos Corrillos, se limpou unha vez o camiño e había vestixios dun lavadoiro, pero non quedaba case nada, estando a vexetación en propiedade privada, pero si hai demanda para recuperalo, limparase o camiño e o entorno e verase qué hai e qué se pode facer.

De seguido o Sr. Alcalde di que vai contestar un escrito de preguntas presentado o pasado 1 de abril polo Sr. López, si ben escuetamente por non haber xa posible réplica.

"PREGUNTA AO GOBERNO MUNICIPAL

*Segundo o **malestar xeral** por parte das non medidas, medidas tardías e malas medidas do goberno central respecto a crise enerxética, de transportes, de gandeiros, pesca, etc...*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000004

- *Que lle parecen ditas medidas? Apoia ó seu presidente do PSOE?*
- *O Concello de Mesía pensa facer algo para reducir os impostos directos polo menos en tempo definido ós gandeiros, hostalaría, comercio..?*
- *Reuniuse o goberno local cos gandeiros das granxas para recoller as súas incertezas?*
- *Que actuación se fixo dende o Concello ante esta crise enerxética? Reunións, medidas, falou cos seus veciños?*
 - *Ve posible a realización de unha reunión conxunta con todos os grupos aquí representados para organizar unha reunión con todos os gandeiros de Mesía para que fagamos entre todos unha valoración global de como se encontra o sector?*

Pola nosa parte, ten todo o apoio para medidas nesta dirección.

Mesía, 1 de Abril de 2022

Javier López Vázquez,

Voceiro do Grupo Municipal Popular de Mesía.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA"

Manifesta o Sr. Alcalde o seguinte respecto:

-Todos desexaríamos que as medidas do goberno foran as axeitadas, pero para este pleno é intrascendente tanto a pregunta como a resposta, porque é simplemente unha opinión subxectiva.

-Este concello xa baixou o IBI no seu día, e o ten en porcentaxes mínimos, a carga impositiva é das máis baixas da provincia, sendo insuficientes os impostos para sufragar as inversións que se acometen; xa se fan grandes esforzos para non subilos.

-Se con alguén se reúne o grupo de goberno é con gandeiros, e a problemática é a mesma en todos os sitios, falta de relevo xeracional, subida de costes ou baixo prezo do produto, pero sobrevalórase que o concello pode facer cando as instancias supramunicipais pouco poden facer ao respecto.

-Este concello non ten capacidade para mitigar a crise enerxética.

-Agradécese a dispoñibilidade para a reunión conxunta e, si se fai, cursarase invitación.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,

O alcalde,

D. Mariano Iglesias Castro.